

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2014

PREVISIÓN INFORMATIVA

Asunto	Inauguración do curso da Cátedra de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia
Organiza	<ul style="list-style-type: none">• Asociación de Balnearios de Galicia• Universidade de Santiago de Compostela
Lugar	Edificio docente Roberto Novoa Santos (Aula 10 – 1º piso) Complejo Hospitalario Universitario de Santiago

Data **LUNS, 24 de febreiro (18:30 h)**

O doutor Luís Rodríguez Míguez abordará a importancia do termalismo en Galicia ao longo da historia

Será o vindeiro luns, no marco da inauguración do curso da Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago

(Vía Láctea Comunicación).- O vindeiro luns, 24 de febreiro, inaugúrase o curso da Cátedra de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia. Será ás 18:30 horas, no edificio docente Roberto Novoa Santos, anexo ao Complejo Hospitalario Universitario de Santiago. No marco deste acto, o doutor **Luís Rodríguez Míguez**, codirector da Cátedra, pronunciará a conferencia inaugural, na que fará un percorrido pola historia do termalismo na comunidade galega.

Ao acto asistirán o director da Cátedra e decano da Facultade de Medicina da USC, o doutor **Juan Gestal Otero**; xunto co xerente da Asociación de Balnearios de Galicia, **Benigno Amor**; e a coordinadora do programa, a doutora **Dolores Fernández Marcos**. Acudirán ademais directores médicos de diferentes establecementos termais da comunidade.

A Cátedra de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia leva dende 2010 formando a futuros médicos neste eido, algo máis dun centenar cada curso. Ademais das clases teóricas, os alumnos teñen a oportunidade de realizar prácticas en balnearios, o que lles permite coñecer como os facultativos dos establecementos termais aplican diferentes técnicas para o tratamento de enfermidades e doenzas diversas.